

## **Modificación da Programación Didáctica. Departamento de Matemáticas. Curso 2021-2022.**

Páxina 114, os apartados Cualificación da avaliación ordinaria e Proba extraordinaria de xuño substituiranse polo seguinte.

### Cualificación global do curso

---

A cualificación global do curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións. No caso de ter algunha avaliación superada na recuperación, a media farase coa nota da recuperación. Para aprobar, será necesario que a nota resultante sexa igual ou superior a 5 puntos, e será condición necesaria ter superadas todas as avaliacións ou tan só unha suspensa cun mínimo de 4.

O alumnado que non acade unha nota igual ou superior a 5 puntos na cualificación global do curso terá dereito á realización dunha proba ao final do mes de xuño, na que se examinará de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación aprobada. No período que abrangue dende a terceira avaliación ata a avaliación final, farase un repaso global da materia para todo o alumnado que non superase o curso. Do mesmo xeito, o alumnado que si obtivo unha cualificación global do curso positiva e queira subir a nota da cualificación global, ata un máximo de 1 punto, poderá facelo no mesmo período de tempo que o alumnado que non superou a materia, mediante a realización de traballos ou actividades.

Dita proba final realizarase de xeito presencial e por escrito; en caso de non ser factible realizarase telematicamente. Esta proba escrita constará de exercicios prácticos e/ou teóricos que recollerán os aspectos máis importantes da materia, e estarán baseados nos mínimos esixibles que recolle esta programación. Neste caso, para acadar unha cualificación global final do curso positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, que deberá ser igual ou superior a 5 puntos.